



# CURSO DE **GRAVADO ARTÍSTICO**

A Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña organiza un curso de gravado artístico impartido polo profesor Javier López Vila. Esta actividade, cunha duración total de 100 horas, comezará o 23 de febreiro e rematará o 19 de maio; as clases serán os martes, mércores e xoves, en horario de 17 a 20 horas.

O número de asistentes será de 12 persoas. O curso ofrécese a calquera persoa que non estea matriculada na escola, que non sexa persoal na EASD Pablo Picasso e que teña máis de 18 anos de idade.

O curso é gratuíto, o centro aportará o material básico e imprescindible, agás o papel de estampación final e as ferramentas persoais.

Para poder asistir a esta actividade, é precisa a inscrición para a realización dunha proba de selección que consistirá na execución de un exercicio de debuxo artístico. Esta proba determinará as 12 persoas que, logo de formalizar a matrícula pertinente, asistirán ao curso.

Unha vez rematado o curso, entregarase a cada participante un certificado de asistencia e aproveitamento.

## **Programación do curso**

### *Bloques temáticos*

Gravado en relevo: aditiva, linóleo

Gravado en oco: punta seca

Gravado electrolítico: augaforte electrolítico, mordida aberta

## **Inscrición á proba de selección**

Do 11 ao 12 de febreiro na oficina da EASD Pablo Picasso, en horario de 10 a 14 horas. Deberase presentar o formulario adxunto, debidamente cumprimentado, e unha copia do DNI.

## **Proba de selección**

Terá lugar o día 15 de febreiro das 17 ás 20 horas. Para a realización desta proba, será preciso aportar material de debuxo artístico (lapis negro ou grafito).

## **Matrícula**

Días 18 e 19 de febreiro na oficina da EASD Pablo Picaso, en horario de 10 a 14 horas.

## **Curso**

Martes, mércores e xoves, entre o 23 de febreiro e o 19 de maio, das 17 as 20 horas.

---

## **CURSO DE GRAVADO ARTÍSTICO**

APELIDOS, NOME

DNI

TELÉFONO

ENDEREZO ELECTRÓNICO

Entregar este formulario na oficina da EASD Pablo Picasso entre os días 11 e 12 de febreiro, en horario de 10 a 14 horas, adxuntando unha fotocopia do DNI